

A finalidade deste programa é divulgar a **compostaxe caseira** como método de tratamento dos **residuos orgánicos** no propio fogar (na horta, xardín ou no garaxe), subministrando os coñecementos prácticos e o asesoramento individualizado preciso para mellorar esta práctica, consolidándoa como unha alternativa ecolóxica e de futuro. Clica na ligazón para baixar o **manual explicativo** da [COMPOSTAXE CASEIRA](#)



Un dos problemas máis importantes que as persoas teñen que afrontar, tanto dende o punto de vista ambiental como económico, é a xestión dos **resíduos sólidos urbanos** (RSU). É dicir, o lixo.

A estrutura territorial da maioría dos Concellos galegos e a súa **dispersión poboacional** en núcleos de poucas vivendas, obriga a unha cuantiosa inversión económica se se quere dar unha resposta axeitada ao problema. O número de camións de recollida e os km que teñen que percorrer encarece dun xeito importante todo o proceso. Asemade, os **custos** de xestión por tonelada de lixo segue unha liña ascendente dende hai varios anos. Por isto, calquera medida que supoña unha redución do volúme de lixo ten inmediatos beneficios medioambientais e económicos.

Algo máis da metade do lixo xerado na nosa sociedade é **materia orgánica** fermentábel, é dicir, residuos procedentes da limpeza de hortalizas e outros alimentos da cociña, restos de comidas, papel alimentario de envolver, e restos de plantas da casa ou do xardín. Trátase da fracción húmida do lixo, medio millón de toneladas anuais en Galiza, a razón de **medio kilo**

por persona e día. É a fracción de lixo máis limpa, libre en orixe de substancias tóxicas, e que pode ser reciclada enteiramente mediante procesos naturais.

Tradicionalmente téñense aproveitado os residuos orgánicos no rural para alimentar o gando e para abono, reflectindo un estilo de vida autosuficiente. Esta é unha práctica



que hai que recuperar e difundir polas súas enormes vantaxes medioambientais, sendo un exemplo paradigmático da aplicación dos principios da **reciclaxe e a reutilización**.

A finalidade do presente programa é a **redución do volume de lixo** mediante procesos de autocompostaxe realizados nas vivendas do rural.

Pretendese dar a coñecer a posibilidade de **tratar estes residuos no propio fogar** (na horta, xardín ou en garaxe) e subministrar os coñecementos prácticos e o asesoramento individualizado preciso para mellorar esta práctica, consolidándoa como unha alternativa ecolóxica e de futuro.

Configúrase, xa que logo, como un programa educativo e eminentemente práctico, de baixa tecnoloxía, pero que permite adquirir uns coñecementos reais do proceso de compostaxe e da optimización dos seus resultados, á vez que dos aspectos ecolóxicos da xestión do lixo.

{mospagebreak title=Os residuos e a compostaxe&heading=Os residuos e a compostaxe}
Os residuos e a compostaxe

A **compostaxe** é o proceso biolóxico que permite, mediante a fermentación aerobia, descompoñer e estabilizar materia orgánica para obter humus.

